

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES MUGARDOS

CURSO: 1º de BACHARELATO

MATERIA: FRANCÉS

DEPARTAMENTO: FRANCÉS

DATA: 10-05-2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Os estándares correspondentes aos catro primeiros bloques (comprensión de textos orais, produción de textos orais, comprensión de textos escritos e produción de textos escritos), é dicir, as catro destrezas básicas, e ao bloque 5 nos catro primeiros apartados, cos seus correspondentes criterios de avaliación, trabállanse ao longo de todo o curso (Ver Programación Didáctica).

Dentro do bloque 5 (a competencia comunicativa), os apartados B5.5 (funcións comunicativas), B5.6 (léxicas) e B5.7 (funcións sintáctico discursivas) son os que se temporalizan en cada avaliación, quedando o 3º trimestre como segue:

Actividades de recuperación, repaso, reforzo e ampliación das aprendizaxes anteriores que versarán sobre os seguintes **contidos mínimos**:

Pronunciación de *ai, ei, oi, eu, ou, au, eau, en, an, ain, in, im*

Saudar e despedirse. Presentarse, presentar a alguén

Alfabeto francés. Soletrar.

Dar, pedir informacións sobre persoas

Descrición física e carácter

Expresarse con cortesía (Fórmulas de cortesía)

Días da semana. Meses do ano. Estacións

Os números

Escribir a data

O instituto. Vocabulario da clase. Material escolar. As cores. As nacionalidades

Pronomes persoais suxeito. On = Nous. Vous = Usted / Ustedes

Presente de indicativo: verbos en –er (-cer, -ger, -eler, -eter, -yer, ´ `), verbos être, avoir, venir, aller, prendre, devoir, pouvoir, vouloir, –ir (2ª e 3ª conxugación), -ire, en -dre ou –tre, faire

Artigos determinados, indeterminados, contractos e partitivos

Feminino e plural dos nomes e adxectivos

Expresar os gustos, sentimentos

A negación (pas de)

C'est / il est

Facer preguntas : tipos de frases interrogativas

Describe actividades cotiás e tarefas do fogar

Expresar o tempo (hora, momento do día, frecuencia).

Contactar con alguén por teléfono.

Ritmos de comidas

Pronomes persoais tónicos

Pedir e dar informacións (familia, profesión, costumes)

Felicitar a alguén

Profesións. Familia.

Actividades de tempo libre. Ocio. Vacacións

Jouer à/ de. Faire de

A posesión : Adxectivos posesivos. Être à +pronome tónico

Futur proche (Expresar unha intención)

AMPLIACIÓN

Situar no espazo.

A cidade. Servios e comercios. Lecer

Medios de transporte

Pasado recente

Preposicións e adverbios de lugar.

Imperativo.

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos: Rexistro de actividades entregadas (fichas de exercicios, traballos, redaccións...) Probas orais se fora necesario Probas escritas se fora necesario</p>
	<p>Instrumentos: Fichas de actividades diversas Traballos Orais en arquivos de audio ou por videoconferencia Exames escritos (Classroom ou videoconferencia)</p>
Cualificación final	<p>-Para o alumnado que teña aprobados os dous primeiros trimestres, ou se a media destes é como mínimo de 5, a cualificación final será a resultante da súa media aritmética incrementada ata 1 punto en función da calidade e cantidade das actividades entregadas no terceiro trimestre. -O alumnado con menos de 5 na media dos dous primeiros trimestres, para recuperar cun 5 deberá entregar as actividades de recuperación requeridas e poderá facer tamén algunha proba telemática. Así mesmo, poderá mellorar a nota ata nun punto facendo o resto das actividades. Valorarase en ambas o grao de consecución.</p>
Proba extraordinaria de setembro	<p>Se as circunstancias debidas á pandemia o permiten, haberá un exame presencial, cos contidos que figuran no apartado 1 (exceptuando a ampliación), que pode incluír diferentes bloques competenciais (comprensión e expresión oral/escrita). Se non, faríase de xeito telemático (ou o que diten eventuais instrucións da Consellería)</p>
Alumnado de materia pendente	

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> -Actividades de tipo gramatical e de vocabulario -E exercicios de repetición, de adaptación dun modelo... -Actividades de escoita: vídeos con explicacións gramaticais, cancións, telexornais... -Actividades de creación (posters, emails, de cultura e civilización, redaccións, diálogos, cartas, rematar os proxectos que estaban a facer...) -Actividades lúdicas: cancións, vídeos... -Lectura de xornais franceses online
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>Para cada un dos días nos que teñen clase entréganselle, mediante Classroom, as actividades que deben facer:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Do libro de texto e caderniño de actividades. -Fichas de internet ou feitas polo profesor, con breves explicacións de repaso. Moitas delas conteñen enlaces a páxinas web (cancións, explicacións breves, xornais e telexornais, etc.) <p>Tamén se propoñen traballos, sobre todo de cultura e civilización, nos que empregan internet para a busca de información.</p> <p>Mediante Classroom ou polo correo electrónico, profesora e alumnado póñense en contacto para calquera dúbida ou outros asuntos.</p> <p>Non se detectan casos sen conectividade.</p>
Materiais e recursos	<ul style="list-style-type: none"> -Libro de texto e caderniño de actividades -Internet: <ul style="list-style-type: none"> -Google classroom -Entrar nos enlaces propostos -Busca de información -Xornais escritos e telexornais -Mensaxes (correo electrónico, google classroom)

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	<p>Informarase ao alumnado (e pais) ca publicación deste documento en Classroom. Así mesmo, o correo electrónico da profesora está publicado na web do centro, o que permitirá calquera consulta ou dúbida.</p>
Publicidade	<p>Na páxina web do IES Mugarbos</p>